

Oitava marcha ciclista escolar-2015

O venres 8 de maio realizouse a oitava marcha ciclista escolar organizada polo concello de Narón para os alumn@s de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria. Como outras edicións os alumn@s foron acompañados polos maestr@s, algúns pais e nais así como persoal de apoio da policía local, emerxencias e ciclistas e moteiros en todo o percorrido.

O noso grupo saíu do colexio sobre as 10:30 horas cara o aparcadoiro do Pazo da cultura, para esperar polos demais grupos. Arredor das 11 horas saímos hacia o noso destino no paseo de Xubia, onde chegamos sobre as 12 horas. Unha vez alí, aparcamos as bicicletas e nos agardaban membros das Anpas para repartir-lo almorzo que nos tiñan preparado.

Despois de repoñer forzas e de escoitar unhas palabras do alcalde, collimos as bicicletas para voltar aos nosos colexios de partida xa que o tempo ameazaba con mollarnos no camiño de volta.

Agradecendo a colaboración de tod@s, nos despedimos ate o curso que ven desexándovos unhas felices e seguras vacacións.

Narón, 12 de maio de 2015

Coordinador do equipo de Educación Viaria

Marcelino Álvarez